


A ALDEA PREHISTÓRICA

O poboado prehistórico é o elemento máis salientable do Parque Etnoarqueolóxico do Outeiro das Mouras. Esta aldea, froito dun proxecto de arqueoloxía experimental, recrea do xeito máis fiable posible un modelo de asentamento Calcolítico/Idade do Bronce propio de sociedades prehistóricas sedentarias. O poboado está delimitado por unha cerca de madeira cuxo deseño orgánico se adapta á orografía do terreo e está integrado por varias cabanas, estruturas de almacenamento e cercados para os animais. Todo isto construído cos mesmos materiais usados no pasado. Esta recreación achega o visitante á vida cotiá durante o período de transo do Neolítico á Idade dos Metais. Trátase de amosar aqueles aspectos que a investigación arqueolóxica e antropolóxica vai descubrindo, de xeito que nos permite retrotraernos ao pasado e coñecer, de maneira directa, aspectos como a organización funcional do poboado, o sistema constructivo e a forma das cabanas ou as especies que cultivaban e os animais que criaban.



VISITA E ACTIVIDADES

A visita ao Parque Etnoarqueolóxico do Outeiro das Mouras e á súa aldea prehistórica é libre e gratuita. A aldea está aberta todos os días do ano agás cando se realicen labores de mantemento ou actividades didácticas e visitas guiadas programadas.

Para contratar visitas guiadas ou actividades didácticas poden contactar con AB ORIGINE. Antropoloxía, entidade xestora do programa cultural do parque.



www.aborigine.es
info@aborigine.es

O PROXECTO DA COMUNIDADE

Dende o 2009 o monte comunal de Salcedo está sendo obxecto dun profundo proceso de restauración e posta en valor en diferentes eidos que van desde a eliminación de especies invasoras e agresivas para o medioambiente ata a reforestación con especies autóctonas, pasando pola recuperación dos acuíferos, a rehabilitación de pistas e sendeiros, a posta en valor do patrimonio etnográfico e arqueolóxico ou a restauración da orografía natural do terreo alterada pola acción humana. A Comunidade de Montes de Salcedo tenta con estes proxectos pór en valor e articular nun discurso didáctico e conservacionista os xacementos arqueolóxicos e os diferentes elementos etnográficos que aquí atopamos, así como o seu patrimonio natural e paisaxístico.

A Comunidade sensibilizada cos novos xeitos de xestionar o cumún, seguirá traballando prol da concepción do monte comunal como un espazo multifuncional, de potencialidade diversa, onde se compaxinen as actividades forestais de explotación racional do monte coa conservación da natureza, os espazos de lecer, deportivos, patrimoniais e incluso coa posta en marcha deste Parque Etnoarqueolóxico cuxo principal obxectivo é a divulgación e a educación sobre o noso patrimonio cultural e a nosa historia.



www.comunidademontessalcedo.es
info@comunidademontessalcedo.es



PARQUE ETNOARQUEOLÓXICO
OUTEIRO DAS MOURAS
-SALCEDO-



COMUNIDAD
DE
MONTES VECINALES
EN MAN COMÚN
DE
SALCEDO

O PARQUE

O Parque Etnoarqueolóxico do Outeiro das Mouras é un proxecto innovador e pioneiro executado e xestionado pola Comunidade de Montes de Salcedo que pretende ser un referente dos proxectos de posta en valor do patrimonio nacidos, realizados e xestionados pola comunidade civil. O parque está concibido como un espazo didáctico onde achegarse en plena natureza ao coñecemento da cultura, do patrimonio e da historia de Galicia, con especial foco nos usos, funcións e ocupacións do monte dende o pasado.



Este parque ofrece ao visitante á posibilidade de coñecer cales foron os usos, ocupacións, funcións e aproveitamentos do monte dende a prehistoria ata a actualidade. Unha oferta cultural interdisciplinar co obxectivo de achegar á cidadanía o coñecemento da prehistoria galega, da cultura tradicional, do patrimonio cultural e do medioambiente, fomentando a súa conservación e promoción.



O PATRIMONIO

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

A parroquia de Salcedo atesoura valiosas mostras de arte rupestre. Sobre as laxes de granito que cobren os seus montes, os nosos devanceiros deixaron gravado para a eternidade un mundo simbólico que hoxe aínda non alcanzamos a entender en todo o seu significado. No Parque Etnoarqueolóxico do Outeiro das Mouras o visitante poderá contemplar seis estacións de gravados rupestres onde poder achegarse a algúns dos motivos más significativos da arte rupestre galega. Ademais dos valiosos petróglifos, no contorno do parque atopamos tamén diversas mostras do megalitismo galego que, en forma de mámoas, configuran a grande necrópole tumular da cordal dos montes do Morrazo.



PATRIMONIO NATURAL

O monte comunal de San Martiño de Salcedo é un entorno natural de grande valor ecológico e paisaxístico. Os traballos desenvolvidos pola Comunidade de montes no eido da recuperación e restauración medioambiental deste espazo incrementaron aínda máis o seu valor natural e a súa importancia como reserva de vida animal e vexetal. A vexetación de ribeira nas marxes do rego das Flaires, as masas de árbores autóctonas, soutos, piñeiraís e carballeirás, as máis de 50.000 frondosas plantadas e os numerosos arboredos realizados pola Comunidade son algúns dos elementos a salientar. Todo un valioso patrimonio natural para goce da cidadanía.

PATRIMONIO ETNOGRÁFICO

O monte foi dende a prehistoria fonte de subsistencia, sendo aproveitado para pastoreo, recolleita de esquilmo, material vexetal, produción de madeira e leña ou para a extracción de pedra. Os seus mananciais e regatos foron utilizados para consumo doméstico e regadío. O monte foi tamén usado para o cultivo de cereal. Os usos e a explotación tradicional do monte deixaron a súa pegada na toponimia. Deste intenso labor de explotación dos seus recursos quedounos un legado en forma de diferentes elementos etnográficos, como fontes, levadas de auga, pozos de regadío, pontes, muíños, canteiras... Moitos destes elementos conforman o patrimonio etnográfico do parque, sendo un importante recurso didáctico para explicar e entender a historia dos usos do noso monte.



No parque hai tamén espazo para a nosa memoria histórica. O Monólito á Loita polo Monte conmemora e homenaxea a toda a veciñanza que loitou pola recuperación da lexítima propiedade do monte comunal de Salcedo.

SERVIZOS

No parque, existen diferentes fontes de auga potable (Fonte da Prata, Fonte das Frairias, Fonte Nova), varias áreas de descanso e un merendeiro situado na Fonte Nova. Tamén conta cunha grande explanada acondicionada para poder aparcar os coches e poder percorrer o parque a pé. Pódense realizar o Roteiro dos Sete Camiños, o do Val Tomeza-Salcedo, o Roteiro das Mouras e o Roteiro do parque.